



APDR

PACTO MUNICIPAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA



A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), en nome da coordinación galega da Plataforma Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM), facemos o seguinte ...

Chamamento a partidos políticos e agrupacións de electores ante a convocatoria de eleccións municipais de maio de 2015.

En marzo de 2009 organizacións do estado español acordamos constituír a Plataforma Estatal contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM), cun [manifesto fundacional](#), soporte dos nosos principios e reivindicacións, e tendo na actualidade como referente o [Manifesto Europeo de apoio a unha Iniciativa Cidadá Europea](#) (xuño 2013) por unha regulamentación proteccionista da exposición aos campos electromagnéticos, con [apoios significativos](#) no ámbito europeo e internacional, tanto na comunidade científica, expertos e asociacións profesionais (como o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia na liña declarada en [maio](#) e [xuño](#) de 2012), como dun amplo abanico de organizacións da sociedade civil (veciñais, ecoloxistas e ambientalistas, persoas afectadas por enfermidades ambientais, consumidores, distintos axentes da comunidade educativa, defensores da saúde e contra a contaminación electromagnética, ...).

A Plataforma ten como obxectivos fundamentais alertar á poboación sobre os riscos deste tipo de contaminación á que masivamente estamos expostos a facer presións ás administracións públicas para que lexislen aplicando o principio de precaución, seguindo as recomendacións proteccionistas de [institucións europeas](#) como a **Axencia Europea de Medio Ambiente**, o **Parlamento europeo** e o **Consello de Europa**, así como os [numerosos chamamentos de científicos](#) alertando do problema de saúde pública que está representando a exposición continua e [exponencial](#) da contaminación electromagnética.

Un emerxente e novo problema de saúde medioambiental: a contaminación electromagnética. Este problema medioambiental está causando estragos nun bo número de familias e persoas afectadas polos altos niveis de radiación xeradas por antenas de telefonía móbil e dispositivos sen fíos, así como por redes de alta tensión (subestacións, transformadores, ...). Facemos especial atención ás persoas [electrohipersensibles](#) con severa afectación ao seu estado de saúde (especialmente ante a exposición de campos electromagnéticos xerados por teléfonos sen fíos DECT, Wi-Fi, WIMAX, antenas de telefonía e demais aparellos que usan tecnoloxías sen fíos), obrigándolles a vivir en estados de extrema precariedade. O [progresivo aumento](#) da electrosensibilidade preséntase en paralelo ao [crecemento exponencial](#) da exposición a radiofrecuencias. A comunidade de expertos e científicos que estudan o efecto da radiación electromagnética nos seres vivos coincide en recoñecer á poboación infantil como especialmente vulnerábel, cuxos corpos están en rápido desenvolvemento (cerebro e órganos aínda en formación).

Nesta nova problemática ambiental, descoñecida para moitos, inclúense uns intereses a curto prazo da industria das telecomunicacións presentes no ámbito científico e de toma de decisións (do mesmo xeito que pasou con outras industrias como a do tabaco), afectando á súa imparcialidade (como a financiación directa ou indirectamente da investigación) coa promoción dun ideario negacionista daquelas evidencias científicas que son soporte das chamadas a aplicar xa o principio de precaución (ver denuncia de conflito de intereses do [SCENHIR](#)) conxugando o dereito á saúde e dos consumidores co desenvolvemento das tecnoloxías.



APDR

PACTO MUNICIPAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA



A coordinación galega da PECCEM, que en 2014 impulsamos alegacións e [mocións municipais](#) contra la [Lei Xeral de Telecomunicacións](#) (plasmadas na presentación dunha [proposición non de lei](#) e dunha [iniciativa parlamentar](#) que contaron cos votos da oposición no Parlamento galego e nas mocións presentadas en mais de [10 concellos nas 4 provincias](#) –ver [dossier de prensa](#)–) **solicitámosvos** nesta ocasión un **PACTO SOCIAL POLA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE, A SAÚDE E CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA**, en base a:

1.- As recomendacións proteccionistas de institucións europeas:

- ✓ A [Resolución 1815 de 2011 da Asemblea Parlamentar do Consello de Europa](#) sobre os perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seu efectos sobre o medio ambiente.
- ✓ As resolucións proteccionistas do Parlamento europeo ([A6-0260/2008](#)) e ([A6-0089/2009](#)) e as recomendacións da Axencia Europea de Medio Ambiente desde o [2007](#) à actualidade ([2009](#), [2011](#), [2013](#)).

2.- As revisións e resolucións científicas:

- ✓ [Informe Bioinitiative 2007/2012](#). Revisión de máis de 3.800 estudos.
- ✓ [Monografía da International Commission for Electromagnetic Safety \(ICEMS\)](#) do 2010 sobre os efectos non térmicos dos campos electromagnéticos.
- ✓ As [Resolucións e chamamentos científicos](#), como os da ICEMS, e numerosas [asociacións profesionais e científicas](#).

3.- [A clasificación, en maio do 2011](#), pola Axencia Internacional de Investigación do Cancro (IARC) da OMS, dos campos electromagnéticos de radiofrecuencia como posíbeis carcinóxenos para os seres humanos (Grupo 2B), baseada nun maior risco de glioma, un tipo de cancro cerebral maligno asociado ao uso de teléfonos móbiles. Así como a recomendación de Christopher Wild, director da IARC: “Tendo en conta as posíbeis consecuencias desta clasificación e as súas conclusións para á saúde pública ... é importante tomar medidas pragmáticas para reducir a exposición, tales como usar dispositivos de mans libres ou enviar mensaxes de texto.”

4.- O cumprimento de Convencións Internacionais:

- ✓ A [Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade \(2006\)](#).
- ✓ O [Convenio de Aarhus \(1998\)](#), sobre acceso á información, participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en temas medioambientais.

UN PACTO MUNICIPAL POLA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE, A SAÚDE E CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA.

No convencemento de que isto es posible, ante a convocatoria de eleccións municipais en maio de 2015, a Candidatura Electoral asina o seguinte pacto:

- Aplicación do **principio de precaución** e do **principio ALARA** (tan baixo como sexa razoablemente alcanzable) na exposición aos campos electromagnéticos (CEM).



APDR

PACTO MUNICIPAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA



- **Minimizar os límites de Exposición CEM** en base ao coñecemento actualizado dos seus **efectos biolóxicos**, coa súa **monitorización global en tempo real**. Comezando con 0'6 V/m (en exteriores) para radiofrecuencias e 1 mG en frecuencias extremadamente baixas.
- Campañas de **información e etiquetaxe** para minimizar a exposición CEM.
- **Centros de ensino libres de exposición CEM.**
- **Recoñecemento da Electrohipersensibilidade (EHS) e a protección das persoas electrohipersensíbeis** no ámbito sanitario, laboral, público e privado (vivenda)
- Primar e promocionar **redes, tecnoloxías e técnicas biocompatíbeis e sustentábeis.**
- **Normas sanitarias de convivencia** de protección da exposición pasiva.

Estas propostas son a base para defender e aplicar a nivel municipal, o **Principio de Precaución** e a **defensa da saúde no despreague** da tecnoloxía sen fíos e das redes eléctricas.

Un saúdo, da APDR e do grupo de coordinación da PECCCEM (coordinacion@pecccem.org) dende as distintas comunidades autónomas:

Ángel Bayón, Castela e León. Confederación Estatal de Asociacións Veciñais (CEAV).

Asunción Laso, Castela e León. Presidenta da "Asociación Valisoletana de Afectad@s polas antenas de Telefonía" (AVAATE).

Eduard Antequera. Catalunya. Presidente da "Associació ENSALUT"

Irune Ruiz, País Vasco. Coordinadora Vasca de Afectad@s por Campos Electromagnéticos (EKEUKO-COVACE), SOS Electrohipersensibilidade - Enfermedades Ambientais de Sensibilización Central (SOS EHS-EASC). Comisión de contaminación electromagnética de Ecoloxistas en Acción.

José Luis Martín. País Vasco. Coordinadora Vasca de Afectad@s por Campos Electromagnéticos (EKEUKO-COVACE), SOS Electrohipersensibilidade - Enfermedades Ambientais de Sensibilización Central (SOS EHS-EASC).

Xulio Carmona, Galicia. Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), vocal de contaminación electromagnética da Federación Ecoloxista Galega.

Fini Manso, Galicia. Blog "Antenas peligro móvil" de Ferrol.

Carmelo Santolaya, Navarra. Presidente da Asociación de Afectados de Navarra por Campos Electromagnéticos (ASANACEN-EEKNE).

Pedro Belmonte. Murcia. Comisión estatal de contaminación electromagnética de Ecoloxistas en Acción.

Yolanda Barbazan, Madrid. Comisión de contaminación electromagnética da Federación Rexional de Asociacións Veciñais de Madrid (FRAVM).

Minerva Palomar. Madrid. Presidenta de Electrosensibles polo Dereito á Saúde (EDS).

Juan Manuel Puértolas. Aragón. Asociación Independente para a defensa da saúde (ASIDES).

Rubén García. Asturias. Plataforma Asturiana Escola sen Wi-Fi.

María del Mar Rosa. Murcia. Electrosensibles polo Dereito á Saúde (EDS).

José Caselles. Valencia. Plataforma de Orihuela Contra as Antenas de Telefonía (POCAT).



APDR

**PACTO MUNICIPAL CONTRA A
CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA**



Contacto da Coordinación galega da PECCEM:

apdr@apdr.info

<http://www.apdr.info/>,

<https://www.facebook.com/pages/Asociaci%C3%B3n-Pola-Defensa-da-R%C3%ADa/274485385946654>

Grupo estatal de coordinación da PECCEM:

coordinacion@peccem.org

<http://www.peccem.org>

<https://www.facebook.com/peccem>, <https://twitter.com/PECCEM>]

Notas:

A **Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética** (PECCEM) componse de Confederacións e federacións de asociacións veciñais, colectivos ecoloxistas (como a APDR e os máis de 300 grupos que compoñen a confederación de Ecoloxistas en Acción), asociacións de pais e nais, de consumidores (como FACUA de Castela e León), de persoas electrohipersensibles (EHS) e de colectivos e asociacións, en xeral, preocupadas polos efectos para a saúde da crecente contaminación electromagnética en todo o estado. **Ver mapa con organizacións:** <http://www.peccem.org/inicio.html>

O **Manifiesto Europeo por unha Iniciativa Cidadán Europea** por unha regulamentación proteccionista da **exposición aos campos electromagnéticos (xuño 2013)**, **conta co apoio dun amplo número de científicos, investigadores e expertos, colexios e asociacións profesionais da saúde, así como de representantes de organizacións da sociedade civil** (defensa da saúde, consumidores, veciñais, ambientalistas e ecoloxistas, da comunidade educativa, persoas afectadas polos síndromes de sensibilización central -electro-hipersensibilidade, sensibilidade química múltiple, fatiga crónica, fibromialxia, etc.- e tumores cerebrais, contra a contaminación electromagnética), **procedentes de 25 estados** (Australia, Austria, Bélxica, Brasil, Canadá, Dinamarca, Finlandia, Francia, Alemaña, India, Irlanda, Italia, Macedonia, Países Baixos, Panamá, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia, Sudáfrica, Eslovaquia, España, Suecia, Suíza e EE.UU.). **Ver asinantes:**

<http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ICE2013/SignatoriesManifiestoECL EMF January 2015.pdf>